

fiot 27
CARBALLO

CONECTATE!
WWW.FIOT.GAL



FESTIVAL
INTERNACIONAL
OUTONO DE
TEATRO 2018

DO 28 SET
AO 31 OUT


#ALL YOU
NEED IS FIOT

2 Como transmitirlles aos mozos a paixón polo teatro? Esta é unha pregunta que levamos un tempo facéndonos e xa non queremos agardar por unha resposta.

O público é o corazón do FIOT e temos unha alma heteroxénea e multixeracional. Sempre lles fixemos sitio a propostas que vincularan á mocidade, pero botámola en falta. Hai que lanzarse a buscar outros códigos, novas canles; tender redes e demandar que se conecten. Son activos, están ansiosos por comunicarse, por estar, por ser. O seu entusiasmo non é o problema. O FIOT está decidido a saír na súa procura.

Nesta era dixital na que a tecnoloxía o inunda todo e preside o lecer, as relacións... o teatro ten unha gran baza, a

posibilidade de conectar fisicamente co público e facelo cómplice, como di un dos directores presentes nesta edición, Álex Rigola. Permítenos entender o mundo, afrontar o paso do tempo, obríganos a formularnos preguntas. É unha xanela aberta a novas sensacións e emocións, a experiencias.



O PÚBLICO É O
CORAZÓN DO FIOT
E TEMOS UNHA ALMA
HETEROXÉNEA E
MULTIXERACIONAL.
SEMPRE LLES FIXEMOS
SITIO A PROPOSTAS
QUE VINCULARAN Á
MOCIDADE, PERO
BOTÁMOLA EN FALTA

“
PENSAMOS QUE ESTE
ANO, NO QUE OS
NACIDOS CO CAMBIO
DE SÉCULO SE FAN
MAIORES DE IDADE, É
BO MOMENTO PARA
PROCLAMAR A NOSA
INTENCIÓN E
ADENTRARSE NESTE
RETO
”

Pensamos que este ano, no que os nacidos co cambio de século se fan maiores de idade, é bo momento para proclamar a nosa intención e adentrarse neste reto.

Só é o inicio do camiño, pero quixemos iluminalo coa imaxe da 27 edición e poñendo o foco con espectáculos sobre a mocidade actual, os chamados millennials, xeración Z... pero tamén en xeral sobre esta etapa de todos nós, sobre o efecto do tempo e da vida nas ilusións e esperanzas xuvenís. Nos problemas e preocupacións que lles atinxen, pero sobre todo na linguaxe, nas expresións e na mirada ao abordalos. E por suposto tamén no teatro que están facendo as novas xeracións de actores, de dramaturgos, de directores. Nós facemos público o noso compromiso e confiamos en que se vexan representados e que o FIOT non lles resulte alleo. Que sexan os nosos *followers*.

No programa, moitos dos imprescindibles da escena actual, galegos, españois e internacionais, nomes que

innovan, que están achegando novas perspectivas, que arriscan e ofrecen orixinalidade nas miradas e excelencia nas creacións. Por citar só algúns dos que non veremos nas táboas, a autores e directores, estamos orgullosos de proclamar que estarán en Carballo as obras de Paco Becerra, Luís Luque, Celso Giménez/La Tristura, Borja Fernández, Marta Buchaca, Tito Asorey, María Hervás, Cándido Pazó, Yayo Cáceres/Ron Lalá, Pablo Remón, Álex Rigola, Fabrice Murgia, Iván

NO PROGRAMA, MOITOS DOS IMPRESCINDIBLES DA ESCENA ACTUAL, GALEGOS, ESPAÑOIS E INTERNACIONAIS, NOMES QUE INNOVAN, QUE ESTÁN ACHEGANDO NOVAS PERSPECTIVAS, QUE ARRISCAN E OFRECEN ORIXINALIDADE NAS MIRADAS E EXCELENCIA NAS CREAÇÕES

Morales, Alfredo Sanzol... É imposible non atopar algo que che interese entre os 41 espectáculos que ofrece o FIOT 27, **#oCorazondoTeatroenGalicia**

É IMPOSIBLE NON ATOPAR ALGO QUE CHE INTERESE ENTRE OS 41 ESPECTÁCULOS QUE OFRECE O FIOT 27

Immensamente agradecidos ás institucións que fan medrar o seu apoio co ritmo do FIOT, que acreditan nunha gran proposta desde unha pequena cidade, que nos impulsan cara ao máis alto das artes escénicas de Galicia. E a vós, público do FIOT, a quen se debe este festival e que sodes o seu latexo.



CONNECTATE!
WWW.FIOT.GAL

Inauguración fiot



V28 SET_ 20.30 H

La Trócola Circ

(Valencia)

EMPORTATS

PARA TODOS OS PÚBLICOS

DURACIÓN: 45 MIN

PRAZA DO CONCELLO

(en caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

Acrobacia, malabares, música, xogo, humor e... portas! Entrar, saír; o que se ve, o que se oculta; o visible e o invisible.

Este espectáculo de circo para toda a familia é un grande exercicio de precisión e enerxía que supera os límites establecidos e do que emerxen imaxes e ideas orixinais que somerxen o espectador nun atractivo viaxe para os sentidos, no que nos reencontraremos con sensacións infantís como o asombro, o sorriso, a sorpresa ou o entusiasmo.

La Trócola Circ é unha compañía que investiga con obxectos, innovando e fusionando diversas linguaxes. Estivo en importantes festivais nacionais e internacionais. *Emportats* levou o Premio FETÉN 2018 ao mellor espectáculo de noite e foi candidato aos premios MAX 2018 ao mellor espectáculo revelación.



DESPRENDERSE DE TODO PARA ENSEÑAR O QUE SE LEVA DENTRO

Intérpretes: Jon Sádaba, Guillem Fluixà, Andrea Pérez, José Monreal e Aritz Sardina

Diseño iluminación e técnico: Manolo Ramírez

Imaxe e Vídeo: Cristina San Martín

Escenografía: San Martín & Co.

Música original: Jo & Swissknife

Coreografía: Maite Moreno

Dirección técnica acrobática:

Vitaly Motouzka

Dirección artística: Lucas Escobedo

Extra

D30 SET_ 20.30 H

Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán

(Galicia)

SOMOS CRIMINAIS

ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 80 MIN
PAZO DA CULTURA

Temos unha cultura criminal propia? Delinquimos como galegos? Para responder a estas preguntas, Carlos Blanco e Touriñán analizan e dramatizan crimes autóctonos en todas as súas variables, desde o crime por arroutada ata o crime por acumulación de mala hostia, pasando polo crime familiar por causa das herdanzas, o asasinato por suxestión ou as orixes do narcotraficante galego. A conclusión é clara: Somos Criminais. Todo foi culpa da Fariña. Touriñán e Blanco, dous cómicos recoñecidos, deciden retarse e currar xuntos nos escenarios. Para facilitarse o traballo, pídenlle un texto a Xosé Prieto, botan man dun director, Tito Asorey, que mete efectos, pide escenografía, atrezzo, disfraces, iluminación... Todo se vai

complicando ata chegar ao que imos ver.

Neste ano que celebramos a 20 edición da Rúa dos Contos, un dos programas máis queridos polos fioteiros, quen mellor para iniciar o FIOT que dous grandes que nós sentimos parte esencial deste ciclo pioneiro en Galicia. Ambos formaron parte del en diferentes ocasións e non podíamos deixar de convidalos con esta obra que desde

a súa estrea, hai só uns meses, bateu récords de espectadores, superando xa os 30.000.

COMO DEFINILO ...
TEATRO? PODE SER.
SHOW CÓMICO?
VAI TI SABER.

UN EXPERIMENTO? SEN DÚBIDA.
DECIDAN E XULGUEN VOSTEDES

Intérpretes: Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán

Vestuario: Juanjo Rig (Fabulare)

Iluminación: Dani Juncal, Tito Asorey

Escenografía e atrezzo: Carlos Alonso

Tema "Somos Criminais": Zénzar

Produción: Condetrespés S.L., Undodez, Ainé

Texto orixinal: Xosé Prieto

Texto final: Xosé Prieto, Carlos Blanco, Xosé A. Touriñán

Axudante dirección: Lois Blanco

Dirección e dramaturxia: Tito Asorey



SESIÓNS MERCADO MUNICIPAL

(Andar 2º)



De Guinea Ecuatorial, Arxentina e Pontevedra (pasando por Carballo), son os produtos que ofrecemos no Mercado no noso 20º aniversario. Do melloríño!

Tres espléndidos e exclusivos espectáculos para escoitar, gozar e rir.

A sorprendente historia de ida e volta de Manoliño Nguema, de Guinea a Santiago e á Cidade dos Muchachos, o mellor e máis enxeñoso da escena Off de Bos Aires, e un case carballés adoptivo que triunfa no humor nacional. Un mercado gourmet!

▶ SÁB 29 SET

21.00 h

MANOLIÑO NGUEMA

(Guinea Ecuatorial e Galicia)

Ngoan ntangan, dous mundos que se tocan



A programación do Mercado Municipal comezará cunha compañía internacional, da man de Manoliño Nguema, que presenta a súa apaixonante historia real de Manoliño Nguema a través das cancións, o baile e a percusión de artistas guineanos.

Unha viaxe persoal e creativa, que nos levará dende a Guinea postcolonial e a España dos anos 60, ata a actualidade de ambos os países, para ir, pouco a pouco, descubriendo grazas ao seu periplo vital, os vivos e ata agora pouco coñecidos lazos culturais entre os dous países.

Todos os públicos
Entrada 3 €

▶ SÁB 6 OUT

21.30 h

SUTOTTOS

(Arxentina)

Inestable



Unha mancha de humidade, unha chamada de teléfono, unha saba, calquera cousa pode desatar a paranoia destes dous personaxes. Dous tipos comúns, que non poden ocultar as súas fobias. Eles pásano mal. O público escacha coa risa.

A outra das propostas internacionais é o arxentino Suttotos, que se distingue polo humor, o clown e a sinxeleza dos seus espectáculos. Un fenómeno do off porteño que recala na Rúa dos Contos.

Recomendado para maiores de 14 anos | Entrada 3 €


▶ VEN 12 OUT

23.00 h

DAVID AMOR

(Galicia)


Fuera de sitio 3.0



Que pasaría se un humorista galego une ao seu espectáculo un dos mellores pianistas galegos? Que pasaría se a un dos mellores e máis divertidos monólogos se une cancións de Frank Sinatra e de...Son Goku?

David Amor, un dos actores cómicos máis polifacéticos da escena galega, presenta unha proposta única, onde a música e a risa crearán un show humorístico divertidísimo.

Recomendado para público adulto | Entrada 5 €





PROGRAMA
DE SALA

D7 OUT_ 20.30 H

La Tristura

(Madrid)

FUTURE LOVERS

ESTREA EN
GALICIA

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 90 MIN
TODOS OS PÚBLICOS

14 É unha noite de verán ás aforas dunha cidade, na que un grupo de amigos, quizais no paso do instituto á universidade, quedou alí para bailar, beber, falar, bicarse...

A obra ábrenos unha ventá á vida destes mozos nados arredor do ano 2000. Escoitándoos falar obteremos o máis sincero retrato sobre a xeración dos *millenials*, á que pertencen estes intérpretes non profesionais cos que a innovadora e arriscada compañía La Tristura creou un fermoso espectáculo entre a realidade e a ficción, contundente e próximo ao público.

La Tristura está considerada como unha das compañías máis interesantes do teatro contemporáneo español da última década.

“A XENTE MAIOR
CRE EN TODO.
OS ADULTOS
SOSPEITAN DE
TODO: PERO OS MOZOS
SÁBENO TODO”
(OSCAR WILDE)

Intérpretes: Pablo Díaz, Manuel Egozkue, Gonzalo Herrero, Itziar Manero, Siro Ouro e Sara Toledo.

Vestuario: Pedro Lobo

Escenografía: Ana Muñiz

Espazo sonoro: Eduardo Castro

Deseño de iluminación: Carlos Marquerie

Asesoría artística: Marcos Morau

Dirección técnica: Roberto Baldinelli

Asesoría escénica e dramaturxica:

Itsaso Arana e Violeta Gil
Creación: Celso Giménez



15

X11 OUT_ 21.00 H

Ron Lalá
(Madrid)

CRIMEN Y TELÓN

ESTREA EN
GALICIA

PREMIO DO
PÚBLICO FIOT
2016

ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 100 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 12 ANOS

O teatro morreu e o detective Noir ten que descubrir o asasino antes que a Axencia Anti Arte desvele o segredo do seu escuro pasado. Para iso percorrerá a historia do Teatro na procura de verdades ocultas, mentres unha rede de misteriosos personaxes conspiran na sombra...

Un thriller ambientado nun próximo futuro no que as artes están prohibidas e o noso planeta é liderado por unha intelixencia artificial cun exército de drons. Unha investigación a contrarreloxo na que calquera pode ser culpable. Mesmo vostedes, señores espectadores.

Humor cítrico, ritmo desenfreado, poesía, música, gargalladas, provocación e un espírito xuvenil que tan ben acae neste FIOT. Con esta comedia musical, Ron Lalá

realiza unha homenaxe ao teatro universal. Despois de converterse nun premiado referente nacional pola actualización do teatro clásico, volven a Carballo cun xiro ao xénero negro ao que transfiren a súa identidade, tan querida polos fioteiros, xa que de feito recolleran un novo Premio do Público do FIOT, neste caso por *Cervantina*, da que gozamos no 2016.



DECENAS DE PREMIOS,
ENTRE ELLES O PREMIO
MAX AO MELLOR MUSICAL
E O PREMIO MAX Á MELLOR
EMPRESA/PRODUCCIÓN
PRIVADA DE ARTES
ESCÉNICAS

S EÑORES
ESPECTADORES:
QUEDAN DETENIDOS
COMO SOSPECHOSOS,
CÓMPLICES O TESTIGOS DE UN
ARTICIDIO EN PRIMER GRADO.
TIENEN DERECHO A REÍR,
LLORAR, EMOCIONARSE, SEGUIR
EL RITMO DE LAS CANCIONES Y
NO DESVELAR A NADIE EL FINAL

Intérpretes: Juan Cañas, Íñigo Echevarría / Jacinto Bobo, Fran García, Miguel Magdalena e Daniel Rovahler.
Vestuario: Tatiana de Sarabia
Iluminación: Miguel A. Camacho
Técnico de luces: Javier Bernat
Dirección musical: Miguel Magdalena
Son: Eduardo Gandulfo
Asistente técnico e rexiduría: Ion Martinkorena
Deseño de produción: Ron Lalá / Emilia Yagüe
Dramaturxia: Alvaro Tato
Dirección: Yayo Cáceres

V12 OUT_ 20.30 H

La Joven Compañía

(Madrid)

PLAYOFF

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 100 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 12 AÑOS

Un vestuario dun equipo de fútbol feminino. Todo sucede nunha tarde, a do partido máis importante na vida das protagonistas, mulleres novas que aman a súa profesión. Alí aflorarán as envexas, os soños, as dúbidas e os medos dunhas rapazas fortes e independentes que o único que queren é vivir a súa paixón.

Esta traxicomedia fala de liberdade, de mulleres que queren desfacerse de todo os lastres que lle imponen e reflexiona sobre o papel da muller e do deporte feminino nunha sociedade que aínda manifesta un machismo feroz en moitos ámbitos.

La Joven Compañía é un proxecto singular que pretende servir de primeira experiencia profesional para mozas e mozos, coa dirección

de grandes profesionais do circuío teatral nacional, e a incorporación de público novo, polo que foi recoñecida co Premio El Ojo Crítico de Teatro de Radio Nacional de España. A autora deste fresco e reivindicativo texto, protagonizado por sete mulleres, é Marta Buchaca, unha das novas dramaturgas que destacan no panorama actual.



“**L** OS JÓVENES
CONTINÚAN LAS
DIRECTRICES DE
UNA SOCIEDAD
Patriarcal e incluso
podríamos afirmar que
ha habido un retroceso”
(Marta Buchaca)

Intérpretes: María Romero, Cristina Gallego, Cristina Bertol, Cristina Varona, Ana Escriu, Yolanda Fernández e Neus Cortés
Iluminación: Juanjo Llorens
Escenografía e vestuario: Silvia de Marta
Música e espazo sonoro: Luis Delgado
Videoescena: Álvaro Luna e Elvira Ruiz Zurita
Movemento escénico: Andoni Larrabeiti
Dramaturxia: Marta Buchaca
Dirección: José Luis Arellano García

513 OUT_ 20.30 H

Pentación Espectáculos

(Madrid)

ESTREA EN
GALICIA

FEDRA

ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 14 AÑOS

20 Fedra, a raíña da Illa do Volcán, está enferma e ninguén acerta coa causa da súa enfermidade. E é que a gran responsable da súa doenza é unha paixón irreprimible que a atormenta; un erotismo inmorral e impúdico, un desexo violento e indómito, un amor prisioneiro. Como actuar cando razón e desexo entran en conflito?

O mito de Fedra reinterpretado con brillantez por un dos novos dramaturgos máis notables do panorama teatral actual e Premio Nacional de Literatura Dramática, Paco Becerra, convértese aquí nun poético e fermoso canto ao amor e á agonía de amar sen ser correspondido.

Recentemente estreado no Festival de Teatro Clásico de Mérida, a suxestiva posta en escena deste espectáculo transpórtanos directamente ao ardente corazón da protagonista, interpretada pola popular artista, Lolita, que encabeza un excelente equipo artístico.



21 **iP** **ORQUE LO QUE NO SE DICE, SE PUDRE; LO QUE SE PUDRE SE DESCOMPONE; Y LO QUE SE DESCOMPONE YA SÓLO TIENE UN CAMINO, QUE NO ES OTRO QUE EL CAMINO DE LA MUERTE! (FEDRA)**

Intérpretes: Lolita Flores, Juan Fernández, Crispulo Cabezas, Eneko Sagardoy e Tina Sáinz

Escenografía: Monica Boromello
Iluminación: Juan Gómez-Cornejo

Vestuario: Almudena Rodríguez Huertas

Música: Mariano Marín

Vídeo escena: Bruno Praena

Ayudante de dirección: Álvaro Lizarrondo

Autor: Paco Bezerra

Dirección: Luis Luque

Coproducción co Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida

V19 OUT_ 21.00 H

Compagnia Baccalà

(Suiza)

PSS PSS

ESTREA EN
GALICIA

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 65 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 9 ANOS

22 **D**ous personaxes, inspirados na época do cine mudo, despregan sobre un escenario baleiro unha representación fóra do tempo, chea de enxeño e dun humor exquisito, que abraia pola súa destreza física. Unha extraordinaria interpretación que mestura clown contemporáneo con teatro e circo. Estes dous clowns de hoxe en día, poéticos, surrealistas, irónicos, acrobáticos e enormemente divertidos, cativannos coa linguaxe universal do xesto e da mirada.

A compañía suíza Baccalà é a encargada de traer a esta edición do festival o feitozo e o virtuosismo

do mellor humor xestual, tan valorado polos espectadores do FIOT.

Esta comedia irresistible, viaxou por todo o mundo e foi galardoada con numerosos premios internacionais.



23 **T**RANSPÓRTANOS
SEN PALABRAS Á
INOCENCIA E Á
SERIEDADE DA
INFANCIA

Intérpretes e idea orixinal: Camila Pessi e Simone Fassari
Iluminación: Christoph Siegenthaler
Asesor artístico e xestión técnica: Valerio Fassari
Dirección: Louis Spagna

S20 OUT_ 20.30 H

Serena Producciones

(Madrid)

IPHIGENIA EN VALLECAS

ESTREA EN
GALICIA

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 85 MIN
TODOS OS PÚBLICOS

24 **N**in estuda, nin traballa. Pódela ver borracha polo barrio, tirada nun banco na praza, ou dando voces a deshoras. E todos o pensamos: “pedazo de porca, quinqui de merda”. Hai tantas como ela... Non obstante, di que nós, todos nós, estamos en débeda con ela; e que xa é hora de cobrar o que é seu.

Gary Owen gañou o premio ao mellor texto no Festival de Edimburgo por esta nova versión do mito que traslada ata os nosos días, preguntándose que e a quen se está sacrificando hoxe. María Hervás interpreta á moza marxinal protagonista deste desgarrador texto, somerxéndonos na súa alma, golpeándonos. Maníféstase como

unha grandísima actriz que foi recoñecida por importantes nominacións e premios, como o da Unión de Actores á mellor actriz protagonista.

Público e crítica consideran esta montaxe como unha das mellores da última temporada.



25 **E**STA IPHIGENIA
NON É UNHA
PRINCESA, NON
TEN UN HEROE
QUE SE POÑA DA SÚA
PARTE NIN OS
CONCIDADÁNS SOFREN
POLO SEU DESTINO

Intérprete: María Hervás
Escenografía: Mónica Teijeiro
Iluminación: Daniel Checa
Son: Mar Navarro
Produción: María Hervás e Serena Producciones
Tradución e adaptación: María Hervás
Autor: Gary Owen
Dirección: Antonio C. Guijosa

D21 OUT_ 20.30 H

Contraproducións

(Galicia)

COMEDIA

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 8 ANOS

Arlecchino encontra unha carta de amor no mandil da súa muller e, erradamente, pensa que ela o engana. Quere matarse, pero deteno unha misteriosa voz que lle dá un anel máxico que fai perder a memoria a quen o pon. Arlecchino esquece todo, pero tamén a noción das convencións sociais.

Humor, acrobacias, música en directo, diálogos mordaces, teatro físico, canto e baile sucederanse entre divertidos equívocos e enxeñosos enredos arredor do amor romántico e dos riscos da sinceridade, coa participación das principais figuras da "commedia dell' arte": o cutre taberneiro, o pedante Dottore, o avaro Pantalone, o fanfarrón Capitano, a encantadora Arxentina...

Vinte e cinco anos despois da súa primeira estrea, non podía faltar no

FIOT un dos fitos do teatro galego polo éxito e repercusión que tivo hai 25 anos na escena galega e pola súa presenza en escenarios de España e mesmo internacionais. A compañía Contraproducións revisita esta explosiva obra co mesmo director, Cándido Pazó, e case o mesmo equipo creativo, celebrando esa festa teatral.

“U N XOGUETE
ESCÉNICO NO
QUE OS
CÓMICOS, IGUAL
QUE HAI 25 ANOS, NON
TEÑEN OUTRA INTENCIÓN QUE
DIVERTIRSE DIVERTINDO”
(CÁNDIDO PAZÓ)



Intérpretes: Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Avelino González, Nuria Sanz, César Goldi e Sergio Zearreta
Escenografía e vestuario: Suso Montero
Iluminación: Afonso Castro
Dirección musical: Fernando Reyes
Producción: Belén Pichel
Dirección, dramaturxia e traballo textual: Cándido Pazó



Ao inicio da función celebrárase o acto de entrega do Xograr de Outono 2018 a **Manuel Lourenzo**

S27 OUT_ 20.30 H

La Abducción e Buxman Producciones

(Madrid)

EL TRATAMIENTO

ENTRADA: 12 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 13 AÑOS

Un cineasta frustrado, tras moitos anos dando tombos, por fin vai estrear a súa primeira película, unha longametraxe sobre a Guerra Civil con Ovnís. No caótico esplendor do mundo do cine colaranse un mozo que imita as letras do grupo Héroes del Silencio, unha carta de amor desde o mar Exeo, unha adolescente que visita Eurodisney, unha clase de escritura creativa, produtores ao borde dun ataque de nervios...

Esta orixinal e deliciosa comedia con máis de vinte personaxes lévanos da gargallada ao nó na gorxa, entrelazando ficción e realidade, presente e pasado, recordo e memoria.

O seu autor e director, Pablo Remón, que está considerado

ESTREA EN GALICIA



como unha das voces máis interesantes da nosa escena, crea unha grande historia coa que nos fala da importancia de aproveitar o momento ou do camiño que hai entre o que somos e o que queríamos ter sido, reflexionando sobre cal é o sentido que ten para calquera de nós seguir contando historias.

“**L** LEGA UN DÍA EN EL QUE ADVIERTES QUE TODO ES UN SUEÑO, Y SOLO LAS COSAS CONSERVADAS POR ESCRITO TIENEN ALGUNA POSIBILIDAD DE SER REALES” (JAMES SALTER)

Intérpretes: Ana Alonso, Francesco Carril, Aura Garrido, Francisco Reyes e Emilio Tomé

Iluminación: David Benito

Diseño de son: Sandra Vicente_Studio 340

Escenografía: Monica Boromello

Vestuario: Ana López

Axudante de dirección: Raquel Alarcón

Texto e dirección: Pablo Remón

D28 OUT_ 20.00 H

ESTREA EN GALICIA

El Pavón Teatro Kamikaze

(Madrid)

UN ENEMIGO DEL PUEBLO (ÁGORA)

ENTRADA: 12 € | DURACIÓN: 75 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 13 ANOS

30 **U**na compañía de teatro recibe subvencions outorgadas por un partido con ideais e accións contrarias á súa ética. É aceptable calar para non perder as axudas que lle dan viabilidade a un proxecto artístico crítico co poder? Perden toda a súa forza moral para denunciar a inxustiza desde o escenario?

Nesta versión tan persoal do clásico de Henrik Ibsen, Àlex Rigola, un dos directores máis innovadores e internacionais da nosa escena, converte o patio de butacas nunha ágora para que o público vaia xulgando os feitos a medida que os intérpretes os expoñen e emita o seu ditame cunha votación real, na que se cuestionará a sociedade, a democracia, a liberdade de expresión ou a ética persoal fronte ao poder. Unha experiencia única



da que é imposible saír indiferente.

El Pavón Teatro Kamikaze é un dos proxectos teatrais máis interesantes actualmente, avalados polas exitosas traxectorias de Kamikaze e Buxman Producciones, ambas presentes no FIOT desde hai anos. Foi galardoado co Premio Nacional de Teatro 2017 pola súa valentía, singularidade e excelencia na creación.

“E N LA ENTRADA OS
HABRÁN DADO UNAS
PAPELETAS (...) ¿A
QUE NO SABÉIS PARA
QUÉ SIRVEN? PARA PODER VOTAR.
OS PEDIREMOS VUESTRA OPINIÓN
Y TENDRÉIS QUE LEVANTAR LA
MANO CON UNA DE LAS DOS”

Intérpretes: Nao Albet, Israel Elejalde, Irene Escolar, Óscar de la Fuente e Francisco Reyes
Escenografía: Max Glaenzel
Iluminación: Carlos Marquerie
Dirección de produción: Jordi Buxó e Aitor Tejada
Axudante de dirección: Alba Pujol
Autor: Henrik Ibsen
Dramaturxista: Ferran Dordal
Versión libre e dirección: Àlex Rigola

M31 OUT_ 21.00 H

LA ZONA

(Madrid)

LA VALENTÍA

ESTREA EN GALICIA

ENTRADA: 12 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 13 AÑOS

32 **D**úas irmáns herdán a amada casa no campo na que pasaban os veráns. Pero teñen un pequeno problema: case pola porta de entrada pasa unha autoestrada. Unha quere conservala e a outra quere sacala de aí, custe o que custe.

Poñemos fin a este FIOT cunha comedia tola que reúne todos os ingredientes para que sexa esmendrellante: enredos, misterios, portas, sustos, equívocos, sorpresas, casa encantada, situacións rocambolescas, disparates, ritmo endiañado e ata fantasmas. E por suposto un elenco de actores formidables que dan vida a seis extravagantes personaxes que deben afrontar os seus medos, superar o paraíso perdido e as herdanzas do pasado que nos lastran. Realizar os cambios



necesarios para avanzar a un proxecto de futuro require valentía.

Alfonso Sanzol, o autor e director, é un dramaturgo consagrado, con xa catro Max ao mellor autor, Premio Nacional de Literatura Dramática 2017 e Premio Valle Inclán, precisamente por unha obra coa que nos deleitou na anterior edición do noso festival, *La ternura*.

ENTONCES SÓLO NOS QUEDA TRANSFORMARNOS PARA CRECER. CRECEMOS TODO LO QUE PODEMOS PARA QUE LA BELLEZA TENGA SITIO (...) Y AL CRECER (...) SE RESQUEBRAJA LO QUE PENSÁBAMOS SÓLIDO Y SENTIMOS MIEDO. ENTONCES SOLO NOS QUEDA LLAMAR TIMIDAMENTE A LA ÚNICA FUERZA QUE PODRÁ AYUDARNOS PARA CONTINUAR: LA VALENTÍA. [ALFREDO SANZOL]

Intérpretes: Jesús Barranco, Francesco Carril, Inma Cuevas, Estefanía de los Santos, Font García e Natalia Huarte
Diseño de iluminación: Pedro Yagüe
Escenografía: Fernando Sánchez-Cabezudo e Eduardo Moreno
Vestuario: Guadalupe Valero
Dirección de produción: Miguel Cuervo
Axudante de dirección: Beatriz Jaén
Dirección e dramaturxia: Alfredo Sanzol

34

Creadores sen límites,
con gañas de buscar
alternativas, de atopar
novos sentidos ás artes
escénicas, de emprender
outros camiños, formular
preguntas e de resituar o
espectador. Linguaxes e
formas de expresións
propias, híbridas,
transversais,
contemporáneas.
Espectadores que
exploran e cuestionan,
que interpretan e
constrúen o discurso, a
emoción; activos.

Dentro do OTNI
atoparemos novas
formas de vivir a escena,
para creadores e para
espectadores.

Garantímosche unha
experiencia radical, única.

Sube ao OTNI!
(OBXECTO TEATRAL NON
IDENTIFICADO)
Ao máis exclusivo do FIOT,
ao máis vivo,
ao alternativo
ao creativo,
ao humor intelixente,
á innovación,
ao máis persoal...
ao EXCEPCIONAL!
Atrévete!



IX CICLO
otni

(OBXECTO TEATRAL NON IDENTIFICADO)

DIA OUT_ 20.30 H

Théâtre National de Wallonie-Bruxelles Teatre Lliure Teatros del Canal

(Bélxica, Cataluña e Madrid)

LATRISTEZA DE LOS OGRS

ESTREA EN
GALICIA

ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 70 MIN
RECOMENDADA PARA MAIORES DE 15 ANOS
ATENCIÓN: ESTE ESPECTÁCULO UTILIZA
LUCES ESTROBOSCÓPICAS

2006: Un alemán de 18 anos, disparou a cinco compañeiros do seu instituto antes de apuntarse coa súa arma. Xa anunciara o seu plan nas redes. Uns meses antes, unha austríaca da mesma idade, escapaba da casa onde vivirá dez anos secuestrada. A partir destes feitos reais técese unha fábula con elementos de ficción, un conto negro e onírico, que mostra a perda da infancia e as sombras, a soidade e o desconcerto dunha xeración de adolescentes, pragada de imaxes e de novas formas de comunicarse, pero que non sempre son escoitados. A linguaxe escénica conecta coa maneira de falar de hoxe a través das proxeccións, os

vídeos en directo ou as redes sociais, creando unha obra de grande impacto visual.

Este potente e sobrecolledor espectáculo que nos quedará na memoria moito tempo, converteuse nunha obra de culto en Europa e supuxo a consagración de Fabrice Murgia, un dos novos talentos renovadores da escena europea, na actualidade director

do Teatro Nacional de Bélxica. Coa súa compañía Artara busca representar o mundo coa mirada e as expresións da súa xeración.

“ESTA NOCHE, NO INTENTES DISTINGUIR ENTRE VERDADERO Y FALSO. PASE LO QUE PASE ESTA NOCHE, SOLO RECUERDA QUE TODO ESTO ES REAL. SOY REAL SOY REAL PORQUE TODO LO QUE SE PUEDE IMAGINAR ES REAL. SOY REAL, YA QUE UNA PESADILLA PUEDE SER REAL. UNA PESADILLA EN COMÚN. UNA PESADILLA QUE CUALQUIERA DE NOSOTROS ESCRIBIÓ, O PODRÍA HABER ESCRITO UN DÍA DE SU VIDA.”

Intérpretes: Nacho Sánchez, Olivia Delcán e Andrea de San Juan
Escenografía: François Lefebvre
Vídeo: Jean François Ravagnan
Espazo sonoro: Maxime Glaude
Vestuario: Marie-Hélène Balau
Director técnico: Joan Lavandeira / Giacinto Caponio
Iluminación: Manu Savini
Axudante de dirección: Diego Garrido e Ana Rodríguez
Produción executiva: Nadia Corral
Adaptación: Borja Ortiz de Gondra
Dirección, texto e dramaturxia: Fabrice Murgia

V19 OUT_ 22.30 H

Borja Fernández

(Galicia)

SALVADOR

LUGAR: PAZO DA CULTURA / SALÓN DE ACTOS

ENTRADA: 5 €

DURACIÓN: 65 MIN

RECOMENDADA PARA MAIORES DE 16 ANOS

OBRADOIRO PARA O ESPECTADOR

(+ INFO na páxina 57 deste programa)

Benito Fernández, desaparecido hai máis de 50 anos deixou un rastro. Tras anos de pescudas e viaxes transoceánicas o seu neto, un mozo na procura das súas raíces, recompono en escena a través de entrevistas, fotografías, cartas e obxectos persoais. Descubriremos casualidades inexplicables, coincidencias triangulares, cancións tropicais e almas selváticas.

A medio camiño entre o teatro documental e a ficción, Salvador é un proxecto escénico para un actor/músico e unha vídeo

jockey/manipuladora de obxectos, sobre os movementos migratorios, as desaparicións e os encontros. Borja Fernández é actor, músico e performer que colabora con diferentes compañías Este proxecto forma parte de A Berberecheira, laboratorio de creación impulsado polo Grupo Chévere.



Idea e creación: Borja Fernández
Asistente de dirección: Diego Anido
Asistente de dramaturxica: Claudio Días
Dirección: Borja Fernández e Uxía P. Vaello
Textos: Manuel Cortés e Borja Fernández
Adaptación: Manolo Cortés
Deseño iluminación e audiovisuais: Laura Iturralde
Espazo sonoro: Borja Fernández
Asistencia en residencia: Colectivo A Berberecheira

“E U NON COÑECÍN O MEU AVÓ PATERNO. EMIGROU A BRASIL NOS ANOS 60 E DESAPARECEU. EN CADA IMAXE NA QUE APARECE SEMELLA UNHA PERSOA DIFERENTE. MENTE, OCULTA INFORMACIÓN, REINVENTASE A SI MESMO EN VARIAS OCASIÓNS. MOITOS EMIGRANTES TRANSFÓRMANSE. COMO O «SPAM» DESTA HISTORIA. COMO SE SOUBESE QUE ALGUÉN NO FUTURO ESTARÍA NA SÚA PROCURA, E A SÚA MANEIRA DE AGOCHARSE FOSE MUDAR A SÚA IDENTIDADE E O SEU PASADO, COMO XOGANDO AO DESCOIDO ...”

Íntims Produccions

(Cataluña)

WASTED

ESTREA EN
GALICIA

**LUGAR: PAZO DA CULTURA / SALÓN
DE ACTOS**

ENTRADA: 5 €

DURACIÓN: 70 MIN

NON RECOMENDADO A MENORES DE 14 ANOS

Edu, Carlota e Dani quedaron na árbore de Toni. Hoxe fai dez anos que morreu. E entre birras e fume xorden as lembranzas. Que querían facer eles cando tiñan 15 anos? Odian no que se converteron, curro, piso, coche-can-piscina. Verse pouco cos colegas. E botar de menos o que eran antes. Reencontros, abrazos, segredos,... unha noite eterna demasiado curta.

A obra da dramaturga, poetisa e rapeira británica Kate Tempest, é un drama xeracional, o reencontro entre tres amigos decepcionados polos seus soños, que intentan recuperar os lazos que os unían e unha xuventude perdida.

Cunha linguaxe moi fresca, próxima ao rap, interpelan directamente o espectador, o que integran na escena compartindo o mesmo espazo. Dirixida por Iván Morales (que formou parte do OTNI hai uns anos con Sé de un lugar) o espectáculo convértese nunha experiencia intensa e fascinante.

“
¿
SABES POR QUÉ
NO HAS
FRACASADO NI
UNA PUTA VEZ?
NUNCA, NUNCA
LO HAS INTENTADO.”

Intérpretes: Oriol Esquerda, Sandra Pujol e Xavier Teixidó

Movemento: Pablo Molinero e David Climent (Los Corderos)

Asesoramento vocal: Pau Llonch

Fotografía e vídeo: Moledro House

Espazo escénico: Marc Salicrú

Espazo sonoro: Iliá Mayer

Iluminación: Miki Arbizu

Axudante de dirección: Rafa Rodríguez

Tradución: Martí Sales

Adaptación: Iván Morales e Íntims Produccions

Autora: Kate Tempest

Dirección: Iván Morales



Hai 20 anos que o FIOT inaugurou en Carballo unha Rúa. Unha rúa para encher de historias, de humor, de provocación, de... vida. Nela convocamos aos que gustan do teatro, pero tamén aos que nunca foran a unha función, aos que saben que un bo espectáculo non sempre precisa dun escenario e aos que pasaban por alí e descubriron algo distinto; a todos os que se deixan atrapar por unha experiencia.

Non podía nacer noutro sitio, nas rúas dedicadas a dous dos máis grandes, Valle Inclán e Rosalía de Castro, pero nestes anos, coa complicidade de 25 hostaleiros e miles de espectadores a maxia da escena expandiuse por todo Carballo.


Estamos orgullosos desde ciclo, pioneiro na narración

oral en Galicia, ao que lle deron alento xa 131 compañías que realizaron 211 funcións, nas que 290 artistas distintos teceron contos, historias, poesía, músicas e risas co rueiro de Carballo.

Nesta edición convertémola en internacional, coa presenza de compañías de Guinea e Arxentina, estarán algúns dos nosos "clásicos" e tamén os emerxentes, haberá estreas e algunha exitosa reposición, reforzámola con "Extras", converterémola nunha exposición e engalanarémola con algunha sorpresa.

Celebra con nós os 20 anos da cara máis moza, gamberra e nocturna do FIOT. A ovella negra do Fiot enche Carballo de

noites de RÚA CHEA



**noites de
RÚA CHEA**
20° EDICIÓN RÚA DOS CONTOS

46

RUIDOS DOS CONTOS

CARBALLO 2018

VEN 28 SET

22.00 h
Cafetería Colón
**AVELINO
GONZÁLEZ**
*Contos de
contrabando*

O contrabando é unha actividade comercial fóra da lei, sen licenza fiscal e que non paga impostos (pero, a quen lle gusta pagar impostos?). Na nosa vida facemos un monte de cousas pequenas que están á marxe da lei, pero que fan a vida máis vivible e tamén máis divertida. Non sempre, pero cando é así, é mellor rir que enfadarse.

Actor de teatro e recoñecido polos seus traballos en series de televisión, é un dos mestres dos contadores e monolguistas de contos galegos.

**Entrada gratuíta
+18 anos**



00.00 h
Mesón do Pulpo
MARCOS PEREIRO
Como ser armario empotrado



Que estar en forma está de moda é un feito. Que lle pregunten se non a Marcos Pereiro, asiduo cliente dos mellores ximnasios: aqueles nos que hai toallas de balde para secar a suor, monitores con nomes de nivel, e clientes da categoría de, por exemplo, Armario Empotrado, a quen Pereiro prestou especial atención durante meses, collendo recortes, para poder contalos nos mellores escenarios de Galicia.


Marcos Pereiro é un dos actores cómicos máis importantes de Galicia, que conta cunha importante traxectoria no eido audiovisual, que

presentará, por primeira vez na Rúa dos Contos e en solitario un monólogo.

Entrada 5 € | Todos os públicos

SÁB 29 SET

13.00 h
Mesón A Cabaña
PETER PUNK
En crudo



47

Chegado do país de Nunca Máis, Peter Punk, é un neno que se nega a medrar. Xogando co público, coa palabra e, por suposto, con todos os aparellos que saca da súa maleta: bolas, mazas, aros, e o seu monociclo fará acrobacias increíbles, xogándose a vida con fachos de lume.

Un espectáculo sen tregua, cheo de humor e malabares, no que a comicidade se mestura coa habilidade na procura da gargallada do público.

Entrada gratuíta | Todos os públicos

SESIÓNS MERCADO MUNICIPAL

Andar 2º > 21.00 h



MANOLIÑO NGUEMA

(Guinea Ecuatorial e Galicia)

Ngoan ntangan, dous mundos que se tocan

Entrada 3 € | Todos os públicos

+ INFO nas páxinas 10 e 11 deste programa

00.00 h

Bulebar Music Café

VÍCTOR GRANDE

A vida pasa voando



Víctor Grande presenta o seu novo espectáculo, no que o humor con canción satírica, a interacción co público e, sobre todo, momentos improvisados únicos e irrepitibles

serán os ingredientes principais deste monólogo.

A hipocondria, a clase política, as cousas raras que un pensa cando vai a misa ou a revolución tecnolóxica na que estamos inmersos estará aderezado con novas cancións.

Entrada gratuíta | +18 anos

DOM 30 SET

13.00 h

Casino 1889

LUPE BLANCO E BIEITO

LOBARIÑAS

Regueifa 2.0



Lupe Blanco e Bieito Lobarriñas fan un espectáculo baseado na regueifa propia da nosa terra. A improvisación oral coa retransca e o humor característicos galegos serán a tónica da nova regueifa en estes tempos, nos que todo pode pasar!!

Entrada gratuíta | Todos os públicos

VEN 5 OUT

21.00 h

Cervexaría Ágora

LOIS PÉREZ

Historias da fronteira



A fronteira é un lugar especialmente interesante para contar historias: a liña entre a vida e a morte, entre o humor e a traxedia, o fantástico e o real, a transgresión do legal, a vida propia e as vidas alleas...

Lois Pérez presenta un espectáculo sen fronteiras que ten un pé no humor e outro na tradición oral, e tamén na gargallada, a na literatura e nas historias da Raia mollada (e da seca!).

Entrada gratuíta | +18 anos

23.00 h

Cafetería Valle Inclán

CÁNDIDO PAZÓ

Como cho conto

Cándido Pazó foi un dos pioneiros na Rúa dos Contos polo que era imprescindible que estivera celebrando a XX edición.



Como cho conto é unha sesión de historias e contos sobre cousas que parecen mentira
E sono
Ou non
Ou en parte
Ou...
que máis ten?

Entrada 3 € | +14 anos

SAB 6 OUT

SESIÓNS MERCADO MUNICIPAL

Andar 2º > 21.30 h



SUTOTTOS (Arxentina)
Inestable

Entrada 3 € | +14 anos

+ INFO nas páxinas 10 e 11 deste programa

00.00 h | Pub O Patacón
LAS ANTONIAS
Boleros y otras delicias



Boleros e outras delicias é un show musical de temas moi coñecidos ao que estas artistas lle dan a visión dunha Antonia (*Nome propio, sig. Calquera muller que decide facerse dona e señora de si mesma e tomar poder da súa vida*)

Las Antonias é un trío formado por Antonia Lee (Ana Lee), Antonia Colores (Mamen Bazarra) e Antonia Deluxe (Elena García-Fresca) que crean coa necesidade de devolver ás mulleres cancións de toda a vida ao berro de *Todos somos Antonias!*, no que inclúen tanto a homes como a mulleres.

Entrada gratuíta | Todos os públicos

DOM 7 OUT

13.00 h
Cervexaría A Bombonera
CHANSON MORMÓN (Madrid)
El fin del mundo está cerca
Tres almas perdidas, tres pobres

peregrinos volven a casa despois dunha longa viaxe e deciden oficiar unha cerimonia relixiosa para



exorcizar os hits de chiringuito e salvar ao pobo de si mesmo.

El fin del mundo está cerca, xa triunfou na súa estrea en Galicia na Rúa dos Contos hai tres edicións, por iso quixemos que viñesen no XX aniversario deste ciclo. Federico Bonacorso, Natxo Laborda e Mario Rebollo, ou sexa, Chanson Mor'món, volven ao FIOT co seu concerto teatralizado, desenterrando e reivindicando algunhas das cancións da música dos nosos tempos para reestruturalas, reversionalas e poder rirse do peso que teñen na memoria popular.

Entrada gratuíta | Todos os públicos

XOV 11 OUT

23.30 h | A Barra Bar
ISABEL RISCO, PEDRO BRANDARIZ E FRAN REI
Papar sen cancelas
A Rúa dos Contos ten o privilexio de

contar coa **estrea absoluta** dun novo espectáculo de Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei: *Papar sen cancelas*.




Un delicioso espectáculo cunha exquisita selección gourmet dos mellores pratos da nosa lingua, que tres cocineiros cómicos prepararán para algúns dos personaxes máis distinguidos do panorama galego actual.

Comedia de alta cociña sobre a cultura galega.

Entrada 3 € | Todos os públicos
O prezo inclúe un convite a un aperitivo

SÁB 13 OUT



VEN 12 OUT

**SESIÓNS
MERCADO
MUNICIPAL**

Andar 2º > 23.00 h



DAVID AMOR

(Galicia)

Fuera de sitio 3.0

Entrada 5 € | Público adulto

+ INFO nas páxinas 10 e 11 deste programa

00.00 h | Cervexaría Beos
MONOULIOUS DOP
Concerto fin de Festa RdC

Fin de festa para a Rúa dos Contos a cargo unha das formacións musicais máis alternativas do momento: Monoulious DOP. Unha banda de rock cun selo de identidade propia, con ritmos pegadizos, graciosos, sorprendentes e con retransca.

Entrada gratuíta | Todos os públicos



VEN 28 SET / 19.00 h

Pulpiño Viascón (Galicia)
A MUSICLETA



Pulpiño Viascón e o Sr. Lilí teñen moitos instrumentos e unha musicleta que se converte nun escenario cheo de música e cor. Un pasarrúas para todos os públicos que paseará polas rúas de Carballo anunciando o FIOT.

RÚAS DE CARBALLO

20.30 h (Inauguración FIOT)

La Trócola Circ (Valencia)
EMPORTATS

+ INFO nas páxinas 6 e 7 deste programa

O Teatro estará presente en toda a cidade, tamén nas rúas e prazas de Carballo

> ESPECTÁCULOS PARA TODOS OS PÚBLICOS

> En caso de choiva as funcións trasladaránse ao 2º andar do Mercado Municipal

SÁB 6 OUT / 20.00 h

Cair Circo (País Vasco e Galicia)
ERORI



Malabares, acrobacias e portés, golpes, caídas e coreografías na persecución dun maletín.

CAIR son catro artistas con catro obxectivos: técnica, virtuosismo, investigación e humor.

PRAZA DO CONCELLO | 50 MIN

Intérpretes: Alejandro Costas, Ariñe Azkue, Santiago Montero e Óscar Páez
Música orixinal: Pablo Prego
Iluminación: Xacobo Castro
Escenografía: José Perozo
Dirección: Natalia Outeiro

VEN 12 OUT / 13.00 h

Maintomano (Castela e León)
EKILIBUÁ



Dúas personaxes e o seu pequeno rabaño rodante... e a xogar! A ver quen sube máis alto, ata que non se poida máis, é un xogo arriscado! Sempre ollando a ver quen leva a voz cantante pero, sobre todo, xogando man a man.

Ekilibuá é un espectáculo que fusiona a teatralidade cos portés acrobáticos, o lanzamento de coitelos, os equilibrios, a manipulación de obxectos e moita complicidade.

Premio mellor espectáculo de rúa "Feria de Teatro de Castilla y León 2014" e o premio "Estación Norte" ao mellor espectáculo do Festival I. TAC Valladolid 2016.

PRAZA DO CONCELLO | 50 MIN

Intérpretes: Marcos Rivas e Morgane Jaudou. **Escenografía:** Cia. Maintomano-Inducable- Javier Acebo. **Música:** Borja Fernández Farpón – Aira da Pedra
Son: David Stikmsa. **Creación:** Cia Maintomano. **Dirección:** Jordi Aspa

DOM 14 OUT / 13.00 h

Antón Coucheiro (Galicia)
CAMARÉ SONAMBULANTE



ESTREA ABSOLUTA

Unha viaxe noctámbula, un cabaré portátil, un show de variedades a bordo dunha cama, onde viviremos o universo dun bufón que non consegue durmir. Un pallaso insomne que conta ovellas. Mais quen está esperto, quen durme e quen soña?

O clown, a danza, o circo e a maxia van da man nesta comedia visual sen palabras que precisa do público para triunfar.

O polifacético actor, director, dramaturgo e clown Antón Coucheiro estrea en Carballo o seu último espectáculo.

PRAZA DO CONCELLO | 60 MIN

Intérprete: Antón Coucheiro
Asistencia en clown e bufón: Pedro Fabião
Escenografía: Coti
Vestuario: Uxía P. Vaello
Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito"



EN PARALELO



PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DO FIOT 2018



Coa participación da Aula de Teatro Municipal do Concello de Carballo

A Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, organizadores do FIOT 2018, realizarán a presentación oficial do programa da 27 edición do Festival, xunto coas entidades patrocinadoras, voluntarios, socios de Telón e Aparte e espectadores.

Un encontro de todos os “implicados” para coñecer esta edición e intercambiar as primeiras impresións.

No transcurso deste acto a Aula de Teatro Municipal de Carballo, realizará unha intervención teatral.

Data: xoves 13 de setembro

Hora: 19.00 h

Lugar: Pazo da Cultura

Asistencia libre

ESCOLA DO ESPECTADOR



Continuamos cun proxecto iniciado hai xa dous anos, a Escola do Espectador, coa que facilitamos o achegamento do feito teatral aos espectadores e a formación naqueles aspectos artísticos e técnicos que permitan a comprensión, amplíen a súa lectura e formen unha opinión fundamentada sobre eles, como un instrumento de aprendizaxe e goce cultural.

Coa guía de Camilo Franco, o crítico de teatro que nos acompañou neste proxecto desde o seu inicio, e acompañados dun vermú ou aperitivo, celebraremos catro sesións de exposición e debate que tomarán como punto de partida as obras programadas no FIOT.

Lugar e datas de celebración: faranse públicas a través da páxina web do festival.
Organiza: AC Telón e Aparte

CAFÉ CON...



Encontros entre espectadores e grupos teatrais que pretenden aproximarnos ao proceso creativo, á linguaxe e aos códigos de interpretación dun espectáculo, amosando de primeira man o proxecto artístico da compañía e da obra, resolvendo dúbidas e curiosidades ou intercambiando opinións. Un agradable espazo de comunicación tomando un café. Sempre que as circunstancias das compañías e da montaxe dos espectáculo o permitan, celebrarase todos os días de función.



Datas: os días das representacións

Lugar: Pazo da Cultura

Horario: 19.00 h, habitualmente, aínda que se concretará durante o festival en función dos condicións da montaxe de cada espectáculo.

Aberto a todos os espectadores sen necesidade de inscrición

OBRADOIRO DO ESPECTADOR SALVADOR: TEATRO, EMIGRACIÓN E MEMORIA FAMILIAR

Borja Fernández, o autor de *Salvador*, ensinaranos as tripas do proceso de elaboración e documentación do espectáculo que forma parte do OTNI e as bases de creación dun subxénero moi actual, o teatro documento, no que a dramaturxia se crea a partir de testemuñas ou historias reais.

Neste caso, empregou a biografía persoal e familiar, valéndose principalmente de fotografías.

Data: Martes 16 de outubro

Hora: 19.00 h

Lugar: Pazo da Cultura

Asistencia libre



CONÉCTATE!
WWW.FIOT.GAL

II CERTAME DE MICROTEATRO METRO CADRADO

Sen barreiras, sen artificios, sen rede. Teatro mínimo, intenso, en primeiro plano, en cru. Teatro que nos asalta desde o cotián, desde a proximidade, desde espazos domésticos... nun metro cadrado.

Unha nova experiencia para o público que pode mirar aos ollos das actrices e actores, tocar, ulir e mesmo saborear. Vivir intensamente unha experiencia teatral diferente.

Para experimentar este novo formato convocamos por segundo ano a novas compañías e artistas emerxentes a través do *II Certame de Microteatro M²* e convidámoslos a crear un espectáculo de entre 10 e 20 minutos para un dos espazos non teatrais que lles ofrecemos.

Entre as 25 propostas recibidas, un xurado seleccionou as seis máis apropiadas para unha floraría, unha vivenda, un almacén de cereais, unha galería de arte, unha panadaría ou un corredor do Pazo da Cultura. Seis espazos e teatro



físico, performance, clown, danza, música, poesía, manipulación de obxectos...

A valoración que fagan os espectadores premiará a mellor interpretación e o mellor espectáculo.

ACCESO AOS ESPECTÁCULOS: ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO

DADAS AS LIMITACIÓNS DE AFORO, RECOMÉNDASE FACER UNHA RESERVA NO ENDEREZO ELECTRÓNICO

fiot.microteatroentrada@gmail.com
(indicando nome do espectáculo, horario, nome e apelidos do espectador e teléfono de contacto)

sáb 13 out

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Cereales Porteiro, SL
(Rúa Gran Vía, nº 36)

M+1 (TEATRO CIRCO DANZA)
Mi bici

ESTREA
ABSOLUTA



Lévame, tráeme, súbeme e baixame; carga conmigo e ás veces déixase cargar. Case non precisa mantemento e sempre teño sitio onde aparcar. Inseparable compañeira coa que tantos lugares descubrin.

Fredí é un coñecido clown e acróbata que incorpora aos seus divertidos e tenros espectáculos múltiples técnicas circenses. Traballa con diversas compañías e presentará no M2 a súa última creación en solitario.


DURACIÓN: 15 MINUTOS | AFORO: 10-20 ESPECTADORES | TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Alfredo Pérez Muíño (Fredí)

18.00 h, 18.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Panadaría Ana Mesejo
(A Brea, nº 48)

HELENA SALGUEIRO
Pan

ESTREA
ABSOLUTA



A partir do texto *Pan (libro de ler e desler)* da poeta galega Estíbaliz Espinosa, Helena Salgueiro creará unha performance con canto e percusión en directo, arredor da idea de desexo, erotismo e feminismo.

Traballo manual, sensualidade, etnoloxía, danza, poesía, cantiga e traballo conforman a rica proposta desta xove poeta gañadora do II Certame de Poesía Rosalía de Castro do Concello de Padrón realizado para un espazo que forma parte das referencias carballesas, unha panadaría.

DURACIÓN: 15 MINUTOS | 20 ESPECTADORES | RECOMENDADA PARA MAIORES DE 16 ANOS

Fotografía: Ruth Matilda Anderson
Creación e interpretación: Helena Salgueiro

sáb 20 out

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Corredor do Pazo da Cultura
(Rúa do Pan, s/n)

FAUNOS
Antes que nada



Antonio espera a alguén que non dá chegado. Terá tempo dabondo para formularse interesantes preguntas. Son o home e a muller o centro do Unicerso? Sábelo ti? É absurdo, ou non tanto?

Estreado hai uns meses este espectáculo foi creado por dous actores procedentes de compañías profesionais e amadoras.

DURACIÓN: 15 MINUTOS | AFORO: 20 ESPECTADORES | TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Rolando Sánchez Selas e Fernanda Barrio Barcala

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Galería de Arte Manolo Eirín (Rúa da Estrela, nº 17)

DIEGO M. BUCETA
As vacacións máis longas



"Eu soño con chegar despois dunha longa travesía ata esa paisaxe rochosa onde xa non soa máis que o zoar do vento. E así deixar de ser algo. E así ser felizmente parte de todo".

Neste espectáculo de danza contemporánea o bailarín propón unha viaxe de evasión, romper esa corda de tensión e abandonarse placidamente á exclusión, ao abandono, ao esquecemento. A simplemente ser.

Diego M. Buceta traballa tanto en solitario como formando parte doutras compañías. Esta creación iniciouna no ano 2016, participando con ela no programa de residencias artísticas Paraíso e diversos certames.

DURACIÓN: 20 MINUTOS | AFORO: 20 ESPECTADORES | TODOS OS PÚBLICOS

Iluminación: Laura Iturralde.
Creación e interpretación: Diego Martínez Buceta

sáb 27 out

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Floraría Taibo
(Rúa Bos Aires, nº 4)

TUKUMPÁS TEATRO
A historia das flores



Hai historias que están pero non vemos. Outras que falan pero non escoitamos. Algunhas para sorrir, para gozar ou para compartir. Hai historias das que paga a pena falar: historias das flores!

Esta comedia xestual de nova creación bota man da música e da manipulación de obxectos.

Tukumpas Teatro é un proxecto teatral formado por Davide González e Rubén Porto que naceu o ano pasado co gallo do I Certame de Microteatro *M²* no que gañaron os premios do público ao mellor espectáculo.

DURACIÓN: 15 MINUTOS | AFORO: 30 ESPECTADORES | TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Rubén Porto e Davide González

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Vivenda (Punto de encontro: Soportal rúa Jacinto Amigo Lera)

MOITO MORRO TEATRO
A bonequiña



Aloucada comedia de creación propia que mostra un día na vida dun ventríloquo arruinado, que conserva a súa boneca Sally como único ben.

O show dentro do show, un espectáculo en branco e negro para rir a cores.

A compañía foi creada en 2013 por dous actores licenciados na ESAD e un animador sociocultural.

DURACIÓN: 15 MINUTOS | AFORO: 20 ESPECTADORES | TODOS OS PÚBLICOS

Dramaturxia: creación colectiva de Moito Morro Teatro
Dirección e interpretación: Borja Calvar e Antía Costas



NOITE BRANCA NO TEATRO

Como en cada edición, os mais cativos terán a oportunidade de coñecer os segredos do teatro e vivir unha experiencia inesquecible e moi enriquecedora arredor deste mundo máxico, tamén ao longo dunhas horas máxicas, as da noite. Os nenos e nenas serán os protagonistas dun novo minicampamento no que coñecerán como é un teatro por dentro, participarán de divertidos obradoiros e mesmo crearán unha pequena obra, que porá punto final a esta actividade, e á que estarán invitados familiares e amigos dos participantes. A cea, a noite nos sacos de durmir no teatro e o almorzo da mañá seguinte, formarán parte desta aventura chea de xogos, sorpresas e, sobre todo, moito teatro que este ano contará coa presenza duns convidados moi “*espaciais*”

Datas e horario: das 19.00 h do venres 5 ás 11.00 h do sábado 6 de outubro
Lugar: Pazo da Cultura
Prezo: 20 € (terán preferencia os socios da AC Telón e Aparte)
Inscripción: Pazo da Cultura, do 17 de setembro ao 2 de outubro
Prazas: 25 nenos/as. **Idades:** de 6 a 12 anos
Organiza: AC Telón e Aparte



XVIII CONCURSO ESCOLAR DE TEATRO LIDO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Este veterano concurso organizado pola AC Telón e Aparte conta coa colaboración da emisora Radio Voz Bergantiños e da Librería Brañas co obxectivo de promover a interpretación oral entre os máis pequenos e visibilizar a potencialidade dramática da radio. Pequenos grupos de escolares e de asociacións de Bergantiños fan chegar o teatro a todos os currunchos de Bergantiños e Costa da Morte a través das ondas de radio, realizando unha interpretación lida dun fragmento dun texto teatral.

Ademais de gozar da experiencia radiofónica nuns estudos profesionais, os gañadores repártense premios por un importe de 850 €.

FINAL E ENTREGA DE PREMIOS: Pazo da Cultura, domingo 11 de novembro. Participarán os finalistas do concurso e actuará como mestre de cerimonia **Caxoto**
Prazo de inscrición: ata o 4 de outubro
Organiza: AC Telón e Aparte, co apoio de Radio Voz e Librería Brañas.

Nesta edición na que queremos chamar a atención dos mozos e reforzar a comunicación mutua co FIOT, abrimos unha nova canle, o FIOTeen, un programa que incluírá propostas escénicas especialmente dirixidas aos xóvenes, máis alá da programación xeral. Comezamos a experiencia levando unha proposta teatral a todos os institutos de Carballo, en conexión con outras dúas actividades

veteranas do Festival, a Rúa dos Contos e o Concurso Escolar de Teatro Lido, ambas cun núcleo común na narración oral.

Aldaolado *Movidas da poesía*

Datas e horario: martes 2 e mércores 3 de outubro
Lugar: Institutos de Carballo
Dirixido a: rapaces de 1º de Bacharelato
Colabora:



A compañía encargada de levar a cabo esta intervención é Aldaolado, o grupo formado polas poetas Lucía Aldao e María Lado. O seu espectáculo *Movidas da poesía*, está dirixido a adolescentes e mestura poesía, música en directo e o seu característico humor; un recital de peripecias para chegaren a poetas. A través dun xogo, toda a rapazada descubrirá que pode dedicarse á poesía e que ten unha capacidade innata para o galego.

ZOOM FIOT



ZOOM FIOT 2018

Seguimento fotográfico do FIOT 2018 realizado por varios fotógrafos convidados que achegarán o obxectivo fotográfico ao Festival tratando de captar a actividade que ten lugar durante este e que permanece oculta ao público.

EXPOSICIÓN ZF 2017

Mostra das imaxes que se realizaron durante o FIOT 2017 dentro do proxecto fotográfico Zoom FIOT, no que 8 fotógrafos e afeccionados á fotografía nos aproximan a momentos do festival non sempre accesibles para os espectadores.

Os fotógrafos participantes son: Adriana Díaz, Carlos Suárez, Carlota Añón, Esther Chamoso, Laura Villar, Melina Regueira, Nuria Cortés e Oti Fernández.

Data: Do 3 de outubro ao 3 de novembro
Lugar: Andar 0 do Pazo da Cultura
Organiza: AC Telón e Aparte

EXPOSICIÓN XX ANIVERSARIO DA RÚA DOS CONTOS



Hai 20 anos que o FIOT inaugurou en Carballo unha Rúa. Unha rúa para encher de historias, de humor, de provocación, de... vida. Por unha vez, trasladamos ao interior Pazo da Cultura a parte máis gamberrra do FIOT, a unha praza imaxinaria onde invocar os maravillosos momentos en cafés, pubs ou cervexarías que nos fixo gozar este ciclo pioneiro na narración oral en Galicia.

Non caben as máis de 200 funcións realizadas nin case os 300 artistas ou 131 compañías que lle deron pulso á ovella negra do FIOT con contos, historias, poesía, músicas e risas, pero a creativa e divertida iconografía creada por Alberto e Juan Félix Gende para as 20 edicións seguro que transportan a nosa memoria a moitas Noites de Rúa Chea...

Data: Do 28 de setembro ao 1 de novembro
Lugar: Sala de Exposicións do Auditorio do Pazo da Cultura
Organiza: AC Telón e Aparte

EXPOSICIÓN BIBLIOTECA DE XOÁN MANUEL LÓPEZ EIRÍS: O EXLIBRIS DO TEATRO

Exposición bibliográfica dunha selección do valioso fondo de máis de 2000 volumes doado ao Concello de Carballo no 2014 por Xoán Manuel López Eirís, finado en novembro de 2017. Este reputado escenógrafo carballés estaba moi vinculado ao teatro galego, participou na creación da Escola Dramática Galega e estivo moi vinculado a Casahamlet e ao Xograr de Outono do FIOT deste ano, Manuel Lourenzo, co que realizou diferentes traballos.

A Colección conta con edicións facsímiles e príncipe de obras clave da historia do teatro, escenografía, vestuario, maquillaxe, ópera, ballet ou cine, artes tan vencelladas ao eido teatral. Clásicos do teatro, teatro galego, oriental e internacional, tanto nas súas linguas vernáculos como en edicións e traducións, cun lugar especial para Shakespeare, clásicos gregos e latinos, grandes figuras universais como Molière, Calderón de la Barca ou Bertolt Brecht, autores galegos e portugueses como Cunqueiro ou Carballo Calero, entre moitos outros.

Ademais de agradecer a súa doazón, con esta mostra bibliográfica queremos renderlle homenaxe a este carballés.

Data: Do 9 de outubro ao 10 de novembro
Lugar: Biblioteca Rego da Balsa
Organiza: Concellaría de Cultura do Concello de Carballo

PREMIO DO PÚBLICO OUTONO DE TEATRO 2018



Participa na programación de videiras edicións do FIOT expresando a túa opinión sobre os espectáculos. Puntúa cada espectáculo e convidaremos a formar parte dunha futura edición cun novo espectáculo á compañía que reciba a mellor puntuación dos espectadores.

A compañía Ron Lalá, participa nesta edición como gañadora do Premio do Público Outono de Teatro 2016 co espectáculo *Cervantina, versións e diversións sobre textos de Cervantes* coproducido coa Compañía Nacional de Teatro Clásico. A súa puntuación fora de 4,75 puntos (sobre 5).

DÁLLE UN BOCADO AO FIOT



Durante o mes de outubro, o FIOT chega tamén a un grupo de establecementos de hostalaría de Carballo (restaurantes, cervexarías, viñotecas ou cafetarías) que preparan os seus “bocados” especiais inspirados no Outono de Teatro. Todos os que proben unha destas tapas ou almorzos participan nun sorteo de entradas para o FIOT, ademais dunha cea e aloxamento de balde nun establecemento de Carballo.

Os clientes dos locais participantes sorprenderanse con pequenas intervencións teatrais relacionadas coa temática do FIOT de novos actores e actrices carballeses, dirixidos pola actriz Alba Bermúdez.

Lugar: Establecementos de hostalaría de Carballo

Data: mes de outubro

Organiza: Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo

VOLUNTARIADO FIOT



Se queres coñecer por dentro un dos festivais de referencia en Galicia e compartir o teu gusto polo teatro con nós, podes contactarnos a través da nosa páxina web fiot.gal ou no teléfono 981 704 300.

O FIOT conta desde hai nove anos cun programa de voluntari@s que implica a afeccionados ao teatro no desenvolvemento do festival. Únete ao fantástico equipo que, desinteresadamente, contribúe co seu tempo a que o Festival sexa mellor.

Moitas grazas a todos pola vosa imprescindible implicación.

Conéctate!



#procuramosousad@s

Xograr de outono 2018

Manuel Lourenzo



O FIOT quere recoñecer a un referente do teatro en Galicia, o dramaturgo, director, actor, promotor teatral e formador de xeracións de actores, Manuel Lourenzo, coa vontade de impulsar un teatro galego propio.

Licenciado polo Institut del Teatre de Barcelona, comezou a súa andadura teatral profesional nos anos 60, coa vontade de impulsar un teatro galego propio. Fundou compañías, escolas e proxectos teatrais transcendentais como o Grupo O Facho, o Teatro Circo que desembocará na Escola Dramática Galega, a Compañía Luís Seoane, o Clube Elsinor ou a escola, revista e actual compañía, Casahamlet.

Escribiu preto de dous centenares de obras dramáticas breves e 60 publicadas. É tradutor, novelista e ensaista.

Actor en numerosas producións é moi valorado no sector audiovisual, destacando a interpretación de míticos personaxes da televisión ou longametraxes.

Na súa prolífica traxectoria recibiu numerosos premios: Abrente (1978), Nacional de Literatura

Dramática (1997), Pedrón de Ouro (2001), Premio Nacional da Cultura Galega en Artes Escénicas (2008), Premio Álvaro Cunqueiro, o Maruxa Villanueva ou o Otero Pedrayo, entre outros. É tamén profesor Honoris Causa pola Escola S. de Arte Dramática de Galicia.

O acto de entrega do galardón desta edición está previsto para o domingo 21 de outubro, ás 20.30h, previo ao inicio da función.



Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro recoñece unha persoa ou entidade que destaque pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección do galardoado correspóndelle aos anteriores Xogrades de Outono e á AC Telón e Aparte.

En anteriores edicións, foron xa merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago “Kukas”, Alberto Gende, Xosé Manuel Oliveira “Pico”, Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán”, Susana Dans, Miguel de Lira e Mónica Camaño.



VENDA DE ENTRADAS

ticketea.com

PREZOS

PROGRAMA DE SALA

→PREZO DO BONO

Poñeranse á venda un total de 200 bonos.

80 €: para asistir a todas as

representacións do auditorio

75 €: prezo reducido do bono

(estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e parados, presentando documentos que acrediten a súa condición)

→PREZO DA ENTRADA

8 €: Future Lovers (7 out), Playoff (12 out), Pss Pss (19 out),

Iphigenia en Vallecas (20 out), Commedia (21 out)

12 €: El Tratamiento (27 out), Un enemigo del pueblo (28 out), La Valentía (31 out)

15 €: Crimen y Telón (11 out), Fedra (13 out)

CICLO OTNI

5 €: La tristeza de los ogros (14 out), Salvador (19 out) e Wasted (26 out)

Os socios e abonados terán o 50% de desconto nas sesións do OTNI presentando o carné de socio ou bono

EXTRA

15 €: Somos criminais (30 set)

RÚA DOS CONTOS

Funcións no Mercado

3 €: Ngoan Ntangan dous mundos que se tocan (29 set), Inestable (6 out)

5 €: Fuera de sitio 3.0 (12 out)

Os socios, abonados e menores de 20 anos terán o 50% de desconto nas sesións do Mercado presentando o carné de socio, bono ou DNI

3 €/5 €: Funcións en locais de hostalaría con entrada

PUNTOS E DATAS DE VENDA

VENDA ANTICIPADA

www.ticketea.com, no teléfono **902 044 226**, www.fiot.gal ou www.facebook.com/festivalintencionaloutonodeteatro

Billeteira do Pazo da Cultura:

martes e xoves de 19.00 a 20.30 h a partir do 25 de setembro

→**BONOS** (Programa de sala)
>SOCIOS AC TELÓN E APARTE:
Do 17 ao 24 de setembro
>PÚBLICO EN XERAL:
A partir do 25 de setembro

→**ENTRADAS SOLTAS**
(Extra, Programa Sala, OTNI e Mercado)
>Desde o 25 de setembro ata o día antes de cada función (socios: a partir do 17 de setembro)

→**FUNCIÓNS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA**
Nos propios locais a partir do 21 de setembro

VENDA O DÍA DA FUNCIÓN

Na billeteira habilitada no espazo da función desde 90 minutos antes do inicio



REDES SOCIAIS

@festivalFiot

@FiotCarballo

@fiotcarballo


FIOT Carballo

FIOT27 "Millennial" Official Playlist

fiot@fiot.gal

comunicacion@fiot.gal

www.fiot.gal



Festival membro de:



de Teatros,
Auditorios,
Circuitos y
Festivales
en España



Sede do
Festival

Rúa do Pan s/n | Carballo | T 981 704 300

Coordenadas GPS
Latitud 43.211702
Longitud -8.695394



68

69

Calendario de actuacións

CAFÉ CON... Os días das representacións no Pazo da Cultura Concretaranse os horarios durante o festival en función das condicións da montaxe de cada espectáculo. **Escola do Espectador, Expo Zoom FIOT 2017, ...**

Venres 28 set

TEATRO DE RÚA / ANIMACIÓN
A MUSICLETA
Rúas de Carballo
19.00 h | Entrada libre

TEATRO DE RÚA
LA TRÓCOLA CIRC
Praza do Concello
20.30 h | Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
AVELINO GONZÁLEZ
Café Colón
22:00 h | Entrada gratuíta

MARCOS PEREIRO
Mesón do Pulpo
00.00 h | Entrada: 5 €

Sábado 29 set

RÚA DOS CONTOS
PETER PUNK
Mesón A Cabaña
13.00 h | Entrada gratuíta

RÚA DOS CONTOS / MERCADO MUNICIPAL
MANOLIÑO NGUEMA
21.00 h | Entrada: 3 €

RÚA DOS CONTOS
VÍCTOR GRANDE
Bulebar Music Café
00.00 h | Entrada gratuíta

Domingo 30 set

RÚA DOS CONTOS
LUPE BLANCO E BIETO LOBARIÑAS
Casino 1889
13.00 h | Entrada gratuíta

EXTRA
CARLOS BLANCO E XOSÉ A. TOURIÑÁN

SOMOS CRIMINAIS
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 15 €

Venres 5 out

RÚA DOS CONTOS
LOIS PÉREZ
Cervexaría Ágora
21.00 h | Entrada gratuíta

RÚA DOS CONTOS
CÁNDIDO PAZÓ
Cafetería Valle Inclán
23.00 h | Entrada: 3 €

Sábado 6 out

TEATRO DE RÚA
CAIR CIRCO
Praza do Concello
20.00 h | Entrada libre

RÚA DOS CONTOS / MERCADO MUNICIPAL
SUTOTTOS
21.30 h | Entrada: 3 €

RÚA DOS CONTOS
LAS ANTONIAS
Pub O Patacón
00.00 h | Entrada gratuíta

Domingo 7 out

RÚA DOS CONTOS
CHANSON MORMON
Cervexaría A Bomobonera
13.00 h | Entrada gratuíta

PROGRAMA DE SALA
LA TRISTURA
FUTURE LOVERS
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 8 €

Xoves 11 out

PROGRAMA DE SALA

RON LALÁ
CRIMEN Y TELÓN
Pazo da Cultura
21.00 h | Entrada: 15 €

RÚA DOS CONTOS
ISABEL RISCO, PEDRO BRANDARIZ E FRAN REI
Bar A Barra
23.30 h | Entrada: 3 €

Venres 12 out

TEATRO DE RÚA
MAINTOMANO
Praza do Concello
13.00 h | Entrada libre

PROGRAMA DE SALA
LA JOVEN COMPAÑÍA
PLAYOFF
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 8 €

RÚA DOS CONTOS / MERCADO MUNICIPAL
DAVID AMOR
23.00 h | Entrada: 5 €

Sábado 13 out

m²
N+1 (TEATRO CIRCO DANZA)
MI BICI
Cereales Porteiro S.L.
13.00 / 13.30
19.00 / 19.30
Entrada gratuíta ata completar aforo

m²
HELENA SALGUEIRO PAN
Panadería Ana Mesejo
18.00 / 18.30

19.00 / 19.30
Entrada gratuíta ata completar aforo

PROGRAMA DE SALA
PENTACIÓN ESPECTÁCULOS
FEDRA
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 15 €

RÚA DOS CONTOS
MONOULIOUS DOP
Cervexaría Beos
00.00 h | Entrada gratuíta

Domingo 14 out

TEATRO DE RÚA
ANTÓN COUCHEIRO
Praza do Concello
13.00 h | Entrada libre

OTNI
THÉÂTRE NATIONAL DE WALLONIE – BRUXELLES, TEATRE LLIURE e TEATROS DEL CANAL
LA TRISTEZA DE LOS OGRÓS
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 5 €

Venres 19 out

PROGRAMA DE SALA
COMPAGNIA BACCALÀ
PSS PSS
Pazo da Cultura
21.00 h | Entrada: 8 €

OTNI
BORJA FERNÁNDEZ SALVADOR
Pazo da Cultura
22.30 h | Entrada: 5 €

Sábado 20 out

m²
FAUNOS
ANTES QUE NADA
Corredor Pazo da Cultura
13.00 / 13.30
19.00 / 19.30
Entrada gratuíta ata completar aforo

m²
DIEGO M. BUCETA
AS VACACIÓNS MÁIS LONGAS
Galería de arte Manolo Eirín
13.00 / 13.30
19.00 / 19.30
Entrada gratuíta ata completar aforo

PROGRAMA DE SALA
SERENA PRODUCC.
IPHIGENIA EN VALLECAS
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 8 €

Domingo 21 out

ENTREGA XOGRAR DE OUTONO
MANUEL LORENZO
Pazo da Cultura | 20:30 h

PROGRAMA DE SALA
CONTRAPRODUCCIÓN
COMMEDIA
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 8 €

Venres 26 out

OTNI
ÍNTIMS PRODUCCIONS
WASTED
Pazo da Cultura
21.00 h | Entrada: 5 €

Sábado 27 out

m²
TUKUMPAS TEATRO
A HISTORIA DAS FLORES
Floraría Taibo
13.00 / 13.30
19.00 / 19.30
Entrada gratuíta ata completar aforo

m²
MOITO MORRO TEATRO
A BONEQUIÑA
Vivenda privada
13.00 / 13.30
19.00 / 19.30
Entrada gratuíta ata completar aforo

PROGRAMA DE SALA
LA ABDUCCIÓN E BUXMAN PRODUCC.
EL TRATAMIENTO
Pazo da Cultura
20.30 h | Entrada: 12 €

Domingo 28 out

PROGRAMA DE SALA
EL PAVÓN TEATRO KAMIKAZE
UN ENEMIGO DEL PUEBLO
Pazo da Cultura
20.00 h | Entrada: 12 €

Mércores 31 out

PROGRAMA DE SALA
LAZONA
LA VALENTÍA
Pazo da Cultura
21.00 h | Entrada: 12 €

+ info en www.fiot.gal



fiot.gal

Deseño: www.gendestudio.com

